

CRITERIOS PARA A CONCESION DE PERMISOS E LICENZAS
PARA O PROFESORADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- **Vacacións:** O profesorado terá dereito a gozar durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas de 22 días hábiles ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. Para estes efectos, non se considerarán como días hábiles os sábados.

O período de vacacións gozarse no mes de agosto. As vacacións entenderanse concedidas neste mes sen necesidades de solicitude. **De xeito excepcional, poderanse autorizar noutro período en que o profesorado non teña asignada docencia, en intervalos mínimos de 5 días hábiles consecutivos.**

Sen prexuízo do anterior, e sempre que as necesidades do servizo o permitan, dos días de vacacións aos que se teña dereito, se poderá solicitar o seu goce independente de ata 5 días hábiles por ano natural.

Cando o período de vacacións obrigatorias coincida cunha incapacidade temporal, maternidade, adopción ou acollemento, acumulación de lactación, paternidade ou matrimonio, autorizarase o seu goce en período distinto, preferentemente cando non teña asignada docencia, para o cal cumprirá unha solicitude previa e motivada do profesorado.

Non obstante o anterior, **o profesorado contratado temporal** deberá solicitar e gozar obrigatoriamente das vacacións, as que teña dereito, durante a vixencia do seu contrato nos períodos que non teña asignada docencia, incluídos os que, de acordo co calendario académico do curso correspondente se interrompe a docencia: nadal, entroido e/ou semana santa.

- **Por asuntos particulares (moscosos), sen xustificación e atendendo sempre ás necesidades do servizo:** 6 días hábiles ou os días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor, que non poderá acumularse aos períodos de vacacións anuais. Sempre que as necesidades de servizo o permitan, os días particulares, poderán acumularse aos días de vacacións cando estes se gocen de xeito independente. Este permiso gozarse preferentemente fóra das xornadas en que o persoal teña obrigas docentes.

- **Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal.**

Nos termos previstos no Acordo do Consello de Goberno do 22/05/03.

- **Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral**
Enténdese como “deber inescusable” a obriga que incumbe a unha persoa que o cumprimento lle xera unha responsabilidade de índole civil, penal ou administrativo. Dentro do mesmo concepto deben incluírse tamén os deberes de carácter cívico como a participación en procesos electorais e o exercicio de sufraxio.

- Xustificante da causa que xustifique o cumprimento do deber inescusable.

